

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de xullo de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill

NON ASISTEN:

D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e coarenta e cinco minutos do día catro de xullo de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o secretario xeral do pleno, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sra. González Carnero, e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(791).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria do 3 de xuño e ordinaria do 6 de xuño de dous mil cinco. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa–presidenta.

2(792).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE ABRIL E MAIO DE 2005.

Mediante escrito da delegada da Área de Participación Cidadá, do 22.06.05, cumprindo coas instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social durante os meses de abril e maio de 2005, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 3130 / ABRIL E MAIO DE 2005
DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 3130 / ABRIL E MAIO DE 2005

DATA	CONCEPTO	PARTI-DA	NºOPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
12/04/05	PUBLICIDADE AXUDAS ESCOLARES	2260200	200500016069	9.776,48	CANAL UNO
13/05/05	CONFECCIÓN CENSO CHABOLAS	2270600	200500022738	10.022,40	OSCAR VALVERDE CARNIERO
18/05/05	MODIFICACIONES PROGRAMA INFORMÁTICO	2270600	200500023176	1.113,60	NIVEL IV SERVC. INFORMATICOS S.L.
24/05/05	AMPLIACION WEB GESTION OFINA INMIGRACIÓN	2270600	200500024281	3.800,00	AFI
24/05/05	ASISTENCIA TÉCNICA OFICINA INMIGRACIÓN	2270600	200500024282	4.500,00	AFI

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(793).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE 23/223, 02/1128/05, 02/1223/05, 03/045/301, 03/596/301, 03/1000/301, 11/1074 E 21/764/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Dña. Gumersinda García García. Expte. 23/223.
- D. José Lamas Carballo. Expte. 02/1128/05.
- Dña. María Iglesias Costas. Expte. 02/1223/05.
- D. Alfredo Lago Rodríguez. Expte. 03/045/301.
- D. Eladio Carrera Rodeiro. Expte. 03/596/301.
- Dña. Lourdes Millán Martínez. Expte. 03/1000/301.
- Dña. Carmen Fernández Lugris. Expte. 11/1074
- Dña. Carmen Vila Martinez. Expte. 21/784.

4(794).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 02/618/05 E 04/866/05.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día ás seguintes persoas:

- Dña. M^a Generosa Cidre Méndez. Expte. 02/618.
- D. Rastori Arcangel Tellagorry Olmedo. Expte. 04/866.

5(795).- SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN DE AXUDA DE ACONDICIONAMENTO DE VIVENDAS PARA FAMILIAS CON PROBLEMÁTICA SOCIO-ECONÓMICA, AÑO 2005 (PRÓRROGA). EXPTE 12764/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de coordinación de Servizos Sociais, do 17.06.05, conformado o xefe de Sector de Benestar Social, pola delegada da Área de Participación Cidadá, e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ratificar o Decreto da Delegada da Área de Participación Cidadá de data 16 de xuño polo que se manifesta o interese do Concello en participar na convocatoria (prórroga), aceptación das bases e a cantidade a aportar polo Concello, nas axudas da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para “Emerxencia Social con destino a familias con problemática socioeconómica para acondicionamento de vivendas” ano 2005.

2º.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial ao amparo das bases aprobadas para axudas de arranxo vivendas con destino a familias con problemática socio-económica do ano 2005, publicadas no BOP nº 72 do 15 de abril, os importes correspondentes ao 50% dos orzamentos presentados a nome dos beneficiarios que de seguido se detalla:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI	IMPORTE
11/044	Rosa Parada Fernández	35928120G	15.933,23
01/925	Lidia Iglesias Pereira	35925002Z	12.876,00

3º.- Esta axuda satisfarase polo Concello de Vigo con cargo ao documento contable A200500003403 da partida 3130.480.00.

4º.- En base ao anterior solicitarase á Excma. Deputación Provincial o 50% do gasto total da axuda sinalada no punto 2º e tramitarse o expediente oportuno.

6(796).- SOLICITUDE DA EMPRESA DELFÍN GROUP DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE LÚDICA “ENSUCIARSE ES BUENO” NA PRAIA DE SAMIL, OS VINDEIROS 9 E 10 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 5360/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.06.05, conformado pola concelleira da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a empresa Delfin Group organizar os vindeiros días 9 e 10 de xullo de 2005, na praia de Samil, unha actividade lúdica dirixida a nenos e nenas, os pais e as nais. Esta actividade, que se desenvolverá en horario de mañá e tarde, co nome de “Ensuciarse es Bueno” conta co patrocinio dunha empresa de deterxentes, e consta de diferentes xogos, entre eles:

- Circuito de equilibrios.
- Skip en familia, esquí sobre area.

- Carreira de sacos.
- Big-vollei.
- Peque xogos, para os mais cativos.
- Carreira de lonas para pais/nais e fillos/as.

2º.- Os organizadores deberán:

- deixar a area da praia en perfecto estado de limpeza e salubridade.
- Ter un seguro de responsabilidade civil que cubra calquera accidente que poidan sufrir os participantes, ase como calquera desperfecto que poidan ocasionar.

7(797).- SOLICITUDE DA EMPRESA EVENTO GLOBAL DE AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR O ESTADIO VIGO ARENA NA PRAIA DO VAO PARA DESENVOLVER ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2005. EXPTE. 5361/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.06.05, conformado pola concelleira da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Evento Global Organizia a instalar o estadio Vigo Arena na praia do Vao, no así como a desenvolver no mesmo as actividades deportivas seguintes:

- | | |
|--|--------------------|
| - Campionato Galego de Volei-praia | 9 e 10 de xullo. |
| - Circuito Nacional de Fútbol-praia. | 14 ó 17 de xullo. |
| - VII Cidade de Vigo de Balonman-praia | 22 ó 25 de xullo. |
| - III Cidade de Vigo de Volei-praia | 29 ó 31 de xullo. |
| - III Trofeo de Fut.volei | 7 ó 10 de xullo. |
| - Torneo de Tenis-praia | 5 ó 7 de agosto. |
| - II Cidade de Vigo de Rugby-praia | 12 ó 14 de agosto. |
| - I Cidade de Vigo de Basquet-praia | 15 e 16 de agosto. |
| - I Triatlón Vigo Arena | 15 de agosto. |

8(798).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA MES DE XULLO DE 2005.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Intervención, do 27.06.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal, que de seguido se detallan, para incluír na nómina do mes de xullo de 2005:

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
1110	Alcaldía	900,00
1212	Parque Móbil	246,84
1216	Patrimonio	99,96
2220	Seguridade	740,33
3130	Benestar Social	30,42
4130	Sanidade	120,70
4220	Educación	516,12
4326	Montes, Parques e Xardíns	30,60
4430	Cemiterios	141,61
4513	Museos	44,88
4631	Atención Ciudadá	35,36
5110	Vías e Obras	2.307,24
TOTAL		5.214,06

9(799).- XUSTIFICANTES E LIBRAMENTOS

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
AGUIAR CASTRO YOLANDA	0514427	6.000,00	6.000,00		
“	0519402	33.800,00	33.800,00		
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0526091	2.500,00	2.315,13	184,87	
ALVAREZ CABALEIRO ARGENTINO	0521896	170,00	170,00		
BALLESTA DE DIEGO JOSE	0510683	400,00	400,00		
DOMINGUEZ LOPEZ GUILLERMO	0526261	36,66	18,33	18,33	
“	0526253	57,08	57,08		
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	0526931	125,84	125,84		
GONZALEZ SOENGAS ARANZASU	0514146	477,80	477,80		
“	0514145	128,64	136,14		7,50
GUARNER GONZALEZ BERTA	0526997	39,00	39,00		
LAGO VILABOA MARIA JESUS	0522238	36,66	18,33	18,33	
LOPEZ PIÑEIRO PILAR	0512008	1.800,00	1.799,72	0,28	
OJEA PEREZ RAFAEL	0517101	300,00	300,00		
“	0521025	60,00	52,42	7,58	
“	0512007	2.140,25	1.785,61	354,64	
RIESGO BOLUDA JOSE	0526998	88,92	88,92		
ROCHA PARAMES CESAREO	0523851	300,00	349,90		49,90
SANLUIS COSTAS AVELINO	0524865	17.752,93	17.752,93		
“	0524868	36.889,35	35.189,35	1.700,00	
TOTAL			100.876,50		

10(800).- SOLICITUDE DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “CINE AO AIRE LIBRE ”, NO PARQUE MUNICIPAL DA RIUOXA, OS DÍAS 8,9,15 E 16 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 71065/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 22.06.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao PLAN COMUNITARIO DE TEIS a ocupación do espazo público para a celebración do CINE Ó AIRE LIBRE, no Parque MUNICIPAL DA RIUOXA, os días 8, 9, 15 e 16 de xullo de 2005.

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- Horario autorizado: de 10 a 24 horas.
- Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores do Parque da Riouxa.
- Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

11(801).-DEVOLUCIÓN DE AVAL POR UN IMPORTE DE 1.500 € A FAVOR DE ALFONSO PÉREZ BARREIRO POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA TRONCOSO Nº 12. EXPTE. 71152/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 28.06.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 13 de maio de 2005 por CONSTRUCCIONES ALFONSO PEREZ, S.L, con CIF B-36661668, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa TRONCOSO, 12, por non producirse danos.

12(802).-AUTORIZACIÓN DO PRÉSTAMO DE OBRAS DA COLECCIÓN GALEGA DO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” AO MUSEO PROVINCIAL DE

PONTEVEDRA PARA A EXPOSICIÓN “OS PENSIONADOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, II” O 28 DE XULLO Ó 11 DE SETEMBRO DE 2005. EXPTE. 1495/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta director do Museo Quiñones de León, do 23.06.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal ao Museo Provincial de Pontevedra de obras da colección de arte galega do museo municipal de Vigo “Quiñones de León” dos autores Torras, Coia e Sevillano con nº s inv. 340, 535, 469, 1072 para a exposición “Os pensionados da Deputación de Pontevedra, II (1940-1969) a celebrar entre o 28 de xullo e 11 de setembro de 2005; e conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

13(803).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. EXPTE 1998/224.

Antecedentes

A Xunta de Goberno local en sesión do 25.04.05 acordou aprobar o expediente de contratación do Servizo de Atención domiciliaria á infancia.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 19.05.05 certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 84 e no BOP nº 84 de data 3 de maio do presente ano, presentáronse as seguintes proposicións: 1) Fepas, 2) Colegio Los Milagros S.L., 3) Tasoga S.L., 4) Formade S.L., 5) Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, 6) Euxa Servicios Sociosanitarios S.L. e 7) Meleagro S.L.

Con data 23.05.05 a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as ofertas e pasándoas a informe da xefa do Servizo da Muller, que foi emitido o 13.06.05 facendo constar que “a que se axusta máis ao solicitado nos pregos de condicións técnicas e administrativas que rexen o concurso é a de Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo”.

A Mesa de Contratación en sesión do 20.06.05, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Mulleres Progresistas o concurso para a prestación do servizo de atención domiciliaria á infancia por un importe anual de 120.000 € e un prezo/hora de 15 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións parobado por acordo da Xunta de Goberno local de 25.04.05 e a oferta presentada.

14(804).-MÓDIFICACIÓN DOS CONTRATOS DE XESTIÓN DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE LAVADORES E TEIS. EXPTE 3730/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado, do 13.06.05, conformado polo xefe da Area de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro de Educación, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno, na súa sesión do 28 de maio de 1999 adxudicou os seguintes contratos:

“Escola Infantil Municipal Sta. Cristina de Lavadores”, que foi adxudicado a DUMBO, SL, B36634913.

“Escola Infantil Municipal Atalaia de Teis”, que foi adxudicado a EULEN,SA, CIF A28517308. (hoxe EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA, CIF A-79022299 por escisión parcial da empresa Eulen, SA,)

O prazo de finalización de ditos contratos é o 30 de xuño de 2005, segundo determinan os pregos de condicións que os rexen, aprobados polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión de data 5 de outubro de 1998 e os acordos de prorrogas de ditos contratos. (Comisión de Goberno do día 12 de xuño de 2003 acordou prorrogar e Xunta de Goberno Local do día 14 de xuño de 2004)

O prazo para a presentación de ofertas ó novo concurso remata o día 06-07-2005, polo que non é posible que a resolución do concurso poida resolverse antes da fin do contrato, que remata o día 30 de xuño de 2005.

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.

A Xefa do servizo de Educación manifesta no informe que consta no expediente manifesta que “ resulta moi problemático suspender a actividade das escolas antes da fin do curso e tamén, desde o punto de vista pedagóxico, que o cambio de adxudicataria se realice durante o período de actividade das escolas, que non remata ata o 31 de xullo de cada ano. No seu día non se tivo en conta na redacción dos pregos a necesidade de estabilidade e continuidade na atención aos bebés e familias, por este motivo os prazos dos contratos non se axustan á necesidade de continuidade da actuación educativa e asistencial ata as vacacións escolares. Por todos estes motivos, parece oportuna e necesaria a modificación dos contratos neste senso.”

As adxudicatarias prestan a súa conformidade a esta proposta de modificación contractual.

Polo devandito, previos os preceptivos informes, proponse:...”

Conclúe o informe formulando a proosta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar a modificación dos contratos de xestión dos servizos seguintes:

- Escola Infantil Municipal “Sta.Cristina” de Lavadores, adxudicada a DUMBO, SL, B36634913, por acordo da Comisión de Goberno na sesión do 28 de maio de 1999, modificado por un prazo suficiente para garantir a resolución do concurso en trámite e a continuidade da actividade

educativa, cuantificado nun máximo de dous meses, comprendidos entre o 1 de xullo e o 31 de agosto de 2005.

- Escola Infantil Municipal “Atalaia” de Teis, adxudicada a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA, CIF A-79022299, por acordo da Comisión de Goberno na sesión do 28 de maio de 1999 (e da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 4 de abril de 2005 no que se toma conta da escisión parcial da empresa Eulen, SA, para crear a nova sociedade que se subroga no contrato) modificado por un prazo suficiente para garantir a resolución do concurso en trámite e a continuidade da actividade educativa, cuantificado nun máximo de dous meses, comprendidos entre o 1 de xullo e o 31 de agosto de 2005.

2º.- Autorizar o gasto de:

- Ata un máximo de 27.608'12 €, con cargo á partida 422.0.227.06.04 do presuposto en vigor, para a xestión da EIM “Sta. Cristina” de Lavadores, por un máximo de dúas mensualidades de 13.804'06 € cada unha
- Ata un máximo de 28.275'38 €, con cargo á partida 422.0.227.06.08 do presuposto en vigor, para a xestión da EIM “Atalaia” de Teis, por un máximo de dúas mensualidades de 14.137'69 € cada unha.

3º.- Esta modificación afecta soamente ao prazo do contrato inicialmente previsto, estando para o resto plenamente vixentes os pregos de condicións que os rexen, que foron aprobados polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión de data 5 de outubro de 1998.

15(805).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN DE GAS NATURAL APOIADO CON PANEIS SOLARES TÉRMICOS NO COLEXIO TINTUREIRA. EXPTE 6669/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado polo enxeñeiro municipal, Sr. Crespo Casal, con data 6.04.05, o informe xurídico do 22.06.05, o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación do 27.06.05, e de acordo co informe-proposta de dito xefe de negociado, do 30.05.05, conformado polo concelleiro da Área de Educación e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de instalación dun sistema de calefacción de gas natural apoiado con paneis solares térmicos no CEIP Tintureira redactado polo Enxeñeiro municipal Alvaro Crespo Casal.

2º.- Autorizar o gasto de 59.974 € para a execución das obras do proxecto de instalación dun sistema de calefacción de gas natural apoiado con paneis solares térmicos no CEIP Tintureira que se impurtarán á partida 422.0.633.00.01.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado da execución das obras do proxecto de instalación dun sistema de calefacción de gas natural apoiado con paneis solares térmicos no CEIP Tintureira.

4º.- Solicitar ofertas alomenos a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

16(806).-SOLICITUDE DE D^a. CELSA DAPONTE ROMERO E OUTROS DE DESCATALOGACIÓN COMO PÚBLICO DUN TRAMO DO CAMIÑO DO CARBALLAL NA PARROQUIA DE BEMBRIVE. EXPTE. 17314/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 16.06.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Dona Celsa Daponte Romero, Dona Dolores Daponte Romero e Dona Olga Lourido Daponte, en escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 31 de maio do 2005, solicitan a catalogación como público do tramo do camiño de Carballal na parroquia de Bembrive, ó considerar que o mesmo é un camiño público de titularidade municipal.

SEGUNDO.- Remitido o expediente a informe do arquitecto xefe da oficina técnica de patrimonio, emitiuse informe en data 10-06-2005 sinalando que o camiño reseñado foi dado de baixa no Inventario Municipal de Viais no ano 1994.

TERCEIRO.- Considerando que no presente caso a solicitude recae sobre un tramo do camiño de Carballal que xa foi obxecto da instrucción procedemental correspondente para a determinación do seu carácter público ou privado e conseguinte pronunciamento sobre a súa correcta inclusión no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no Epigrafe I Inmóbles, como pertencente à rede viaria municipal, tendo recaída resolución administrativa expresa dictada polo Pleno Municipal en sesión de 30 de novembro de 1994, pola que se conclúe o carácter non público como vía municipal do tramo interesado polos agora solicitantes, resulta improcedente entrar no coñecemento dunha cuestión xa plantexada con anterioridade e sobre a que se adoptou o acordo resolutorio pertinente polo órgano competente, e firme en vía administrativa.

CUARTO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 127j da Lei 7/85 RBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propónse à Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a solicitude de Dona Celsa Daponte Romero, Dona Dolores Daponte Romero e Dona Olga Lourido Daponte, da catalogación como público dun tramo do camiño de Carballal na parroquia de Bembrive, ao tratarse dunha cuestión xa resolta polo Pleno Municipal en acordo de 30 de novembro de 1994.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(807).- RECLAMACIÓNS DE DANOS:

A) CONCEPCIÓN DIZ ESTEVEZ. EXPTE 431/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 09.06.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e a Interventora Xeral, en relación coa reclamación de D^a Concepción Diz Estévez por danos

producidos no seu vehículo ao bater nel un colector de lixo, cando estaba estacionado na rúa Canicouba, a Xunta de Goberno local acorda:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de Dona Concepción Díz Estévez, indemnizándolle na contía de 358, 66 €, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

B) EDIT MARGARITA NÚÑEZ LARROSA. EXPTE 16465/240. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 08.06.05, conformado pola xefa de Réxime Interior, o concelleiro delegado de Patrimonio e a interventora xeral, en relación coa reclamación de D^a Margarita Núñez Larrosa por danos producidos cando se dispoñía a cruzar o paso de peóns sito na intersección das rúas Rosalía de Castro e Canceleiro, caendo por mor dunha fochanca existente na calzada, a Xunta de Goberno local acorda:

Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Edit Margarite Núñez Larrosa, e indemnizála coa cantidade de 6.789, 56 €.

C) PILAR LÓPEZ GONZÁLEZ. EXPTE 16406/240. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 08.06.05, conformado pola xefa de Réxime Interior, o concelleiro delegado de Patrimonio e a interventora xeral, en relación coa reclamación de D^a Pilar López González, por danos producidos por unha caída na rúa Sanjurjo Badía, por mor da existencia de lousetas levantadas no pavimento, a Xunta de Goberno local acorda:

Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Pilar López González, e indemnizala coa cantidade de 107, 49 €.

D) TOMASA LAMPÓN LAGO. EXPTE 15656/240. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 09.06.05, conformado pola xefa de Réxime Interior, o concelleiro delegado de Patrimonio e a interventora xeral, en relación coa reclamación de D^a Tomasa Lampón Lago, por danos producidos por unha caída na rúa Tomás Alonso ao pisar nun afundimento que interrompe a continuidade do nivel da beirarrúa, a Xunta de Goberno local acorda:

Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Tomasa Lampón Lago, e indemnizála coa cantidade de 2.643, 57 €

E) PILAR RODRÍGUEZ CORREA. EXPTE. 16426/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 4.05.05, en relación coa reclamación de Dª Pilar Rodríguez Correa por danos producidos por unha caída na beirarrúa da rúa Policarpo Sández, logo de tropezar con dúas losetas soltas no pavimento, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 16.06.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 22.06.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona María del Pilar Rodríguez Correa, e indemnizála coa cantidade de 370, 08 euros.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

F) JULIÁN RODRÍGUEZ CARBALLO. EXPTE. 191/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 03.05.05, en relación coa reclamación de D. Julian Rodríguez Carballo por danos producidos por unha caída na rúa Jesús Fernández por mor da falta dunha loseta na beirarrúa, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 16.06.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 24.06.05, conformado pola xefa de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de don Julián Rodríguez Carballo por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

G) JOSÉ LUÍS FONTÁN NOYA. EXPTE. 303/243. RESPONSABILIDADE UTE AQUALIA-FCCSA

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 28.06.05, conformado pola xefa de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. José Luis Fontán por danos no seu vehículo cando circulaba pola rúa San Francisco, pasando por riba dun sumidoiro cuxa tapa non se atopaba debidamente colocada, o que provocou que perdese o control do vehículo e impactase contra unha pared e outro vehículo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don José Luis Fontán Noya polos danos materiais sufridos no seu vehículo matrícula matrícula 1913-BZJ.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á UTE Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 4.225,59 euros.

18(808).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DE NOMEAMENTOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS DE DOUS FUNCIONARIOS E ADSCRICIÓN PROVISIONAL AO POSTO DE LIBRE DESIGNACIÓN DE XEFE DE RECURSOS E ASEROAMENTO. EXPTE. 15869/220.

A Xunta de Goberno retira este expediente da orde do día.

19(809).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DE ADSCRICIÓN PROVISIONAIS DE PERSOAL A POSTOS DE TRABALLO. EXPTE. 15859/220.

Dáse conta das seguintes resolucións de Alcaldía en relación coa adscrición de persoal a determinados postos de traballo:

A) ADSCRICIÓN PROVISIONAL AO POSTO DE XEFE/A DE NEGOCIADO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Na vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local o día 30 de maio ppdo., figura vacante o posto de “xefe de negociado da Xunta de Goberno Local”, posto que ven sendo desenvolto, segundo informe do Secretario Xeral do Pleno, de data 31 do mesmo mes, pola funcionaria D^a Mercedes Eiras Fernández, aconsellando, así mesmo, que dada a implicación e responsabilidade desta funcionaria sexa cuberto provisionalmente pola mesma, ata a convocatoria e resolución do concurso de traslados correspondente.

Considerando que nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas o citado día 30 de maio ppdo., no seu apartado “oitavo” e o acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal, no seu art. 7, establece que alcaldía poderá cubrir temporalmente os postos vacantes a través de adscrición provisional, tra-lo informe da Xunta de Persoal e do interesado, no prazo de 3 días e que nesta situación percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que están incluídas as súas prazas e as complementarios do posto de orixe ou de destino que os teña recoñecidos en maior contía.

Considerando que dito informe non é preciso neste caso, posto que a interesada xa ven desenvolvendo as funcións de dito posto, en uso das facultades que me confire a vixente lexislación e para acadar un mellor funcionamento dos servizos municipais,

RESOLVO:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente ó posto núm. 189 (Xefe Negociado Xunta de Goberno Local), á administrativa de administración xeral adscrita á Secretaría Xeral, D^a Mercedes Eiras Fernández, núm. persoal 21835, con efectos do día 1 de xuño actual.

Segundo.- A adscripción provisional manterase ata que permanezan as razóns que a motivan e, en todo caso, ata que a cubra o citado posto a través do concurso de traslados regulamentario.

Terceiro.- Mentras permaneza adscrita provisionalmente ó citado posto percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que está incluída a súa praza e as complementarias do posto o número do cal figura no apartado primeiro da presente resolución.

A interesada poderá presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta resolución. Transcorrido o prazo sen que se presente a correspondente alegación, ou de ser presentada, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes a súa presentación, poderá entenderse desestimada, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a alcaldía-presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día que alcance firmeza, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

O recurso de reposición entenderáse desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso-administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

A presente resolución notifíquese á interesada, concelleiro-delegado da área de xestión municipal, Secretario Xeral do Pleno, Secretario do Goberno Local, Intervención Xeral, Unidade de Persoal e Organización e Métodos. Así mesmo, deberáse dar conta ó Comité de Persoal e á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que teña lugar.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) CAMBIO DE ADSCRICIÓN DO OFICIAL ELECTRICISTA ADSCRITO AOS SERVIZOS DE ELECTROMECÁNICOS AO SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL.

Con data 7 de xuño ppdo., o xefe da área de mobilidade e seguridade, comunica a imperiosa necesidade de dotar de persoal o servizo de protección civil, consecuencia da recente dimisión por parte da xunta directiva da agrupación de voluntarios deste servizo.

Así mesmo, o oficial electricista adscrito ós servizos Electromecánicos, D. José Antonio Sande Vázquez, núm. persoal 79752, solicita o seu traslado ó servizo de protección civil, -solicitude que conforma o xefe do dito servizo-.

Vistas as competencias que a vixente lexislación de réxime local lle confiren á alcaldía-presidencia (artigo 124.1 da lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local, 61 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia, e 6 do acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998),

Visto o artigo 36 da lei 14/00, de 29 de decembro, que modifica o artigo 20 da lei 30/84, de medidas para a reforma da función pública, onde se prevé expresamente a posibilidade de trasladar ós funcionarios por necesidades do servizo a outras unidades ou departamentos respetando as súas retribucións e condicións

esenciais de traballo, así como o disposto no artigo 61 do RD 364/95, de 10 de marzo, que permite o cambio de adscripción interdepartamental dos postos de traballo non singularizados e dos seus titulares cando as necesidades do servizo así o demanden,

RESOLVO:

Primeiro.-

Acorda-lo cambio de adscripción do oficial electricista, D. JOSÉ ANTONIO SANDE VÁZQUEZ, núm. persoal 22970, adscrito na actualidade ós servizos Electromecánicos (cód. 444), con posto base de igual denominación, ó servizo de Protección Civil –cód. 214, co mesmo posto de traballo.

Segundo.-

Da presente Resolución, que xurdirá efectos o vindeiro mércores, día 15 de xuño, dese traslado ó interesado, xefes dos servizos e concelleiros-delegados da áreas afectadas, Unidade de persoal, Intervención Xeral, así como ó Comité de persoal.

Terceiro.-

De conformidade co disposto nos arts. 179.2 do R. D. Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e o art. 40.3 do R. D. 500/1990, de 20 de abril, de Orzamentos das Entidades Locais, e co obxecto de adecua-las partidas orzamentarias ó cambio funcional antedito, autorízase a transferencia de créditos do posto base cód. 232.-oficial electricista, dos servizos Electromecánicos, ó Servizo de Protección Civil, cód. 214.

Así mesmo, o traslado que orixina o referidos cambio de adscripción, deberá ser incorporado pola Unidade de Persoal na vindeira Relación de Postos de Traballo.

O interesado poderán presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta resolución. Transcorrido o prazo sen que se presente a correspondente alegación, ou de ser presentada, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes a súa presentación, poderán entenderse desestimadas, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta Resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a alcaldía-presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día que alcance firmeza, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

O recurso de reposición entenderase desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso-administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

C) ADSCRICIÓN PROVISIONAL AO POSTO DE INSPECTOR XEFE DA POLICÍA LOCAL.

Na vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local o día 30 de maio ppdo., e publicada no BOP o día 7 de xuño seguinte, figuran os postos de “Inspector Xefe da Policía Local”, “subxefe da Policía Local” que é necesario cubrir para o mellor funcionamento do servizo.

Considerando que nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas o citado día 30 de maio ppdo., no seu apartado “oitavo” e o acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal, no seu art. 7, establece que alcaldía poderá cubrir temporalmente os postos vacantes a través de adscripción provisional, tra-lo informe da Xunta de Persoal e do interesado, no prazo de 3 días e que nesta situación percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que están incluídas as súas prazas e as complementarios do posto de orixe ou de destino que os teña recoñecidos en maior contía.

Considerando a urxencia de cubrir provisionalmente ós citados postos para o mellor funcionamento do servizo, en tanto non se cubran polo sistema regulamentario e no uso das facultades que me confire a vixente lexislación,

Vistos os artigos 124 da lei reguladora de bases de réxime local, disposición transitoria 4ª do texto refundido de disposicións en materia de réxime local, art. 10.1 e D.A. 5ª da lei 3/92, de 23 de marzo, de coordinación da Policía Local de Galicia, artigos 63 e 58.2 do RD 364/95, de 10 de marzo, e no uso das facultades atribuídas a esta Alcaldía pola normativa anteriormente referenciada,

RESOLVO:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente, ao oficial do corpo da Policía Local, D. Carmelo del Castillo Martín (núm. persoal 17220), ó posto núm. 280 (Inspector Xefe da Policía Local).

Segundo.- Adscribir provisionalmente, ao oficial da Policía Local D. José Antonio Sotelo Rodríguez (núm. persoal 6422), ó posto núm. 33 (Subxefe Policía Local).

Terceiro.- Mentras permanezan adscritos provisionalmente ós citados postos percibirán as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que están incluídas as súas prazas e as complementarias do posto o número do cal figuran nos apartados primeiro e segundo da presente resolución, garantiráselles en todo caso o grao persoal que teñan recoñecidos.

Os interesados poderán presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta resolución. Transcorrido o prazo sen que se presenten as correspondentes alegacións, ou de seren presentadas, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes a súa presentación, poderán entenderse desestimadas, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a alcaldía-presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día que alcance firmeza, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

Os recursos de reposición entenderánse desestimados se transcorre un mes sen seren contestados. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se os recursos de reposicións resultan contestados expresamente, o prazo para a interposición do contencioso-administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

A presente resolución, que xurdirá efectos económicos e administrativos dende o día 1 de xuño pasado, notifíquese ós interesados, concelleiros-delegados das áreas de xestión municipal e mobilidade e seguridade, xefe da área de mobilidade e seguridade, Intervención Xeral, Unidade de Persoal e Organización e Métodos. Así mesmo, deberáse dar conta ó Comité de Persoal e á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que teña lugar.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

D) ADSCRICIÓN PROVISIONAL AO POSTO DE TÉCNICO DE MANTEMENTO DE INFORMÁTICA.

Na vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local o día 30 de maio ppdo. e publicada no BOP do día 7 de xuño seguinte, figura vacante o posto de “técnico de mantemento de informática”, posto que ven sendo desenvolto, segundo informe do xefe do departamento de Informática, de data 3 de marzo de 2005, polo funcionario D. Gumersindo Vázquez Pedrido (núm. persoal 15680), aconsellando a súa cobertura provisional por dito funcionario, ata a convocatoria e resolución do concurso de traslados correspondente.

Considerando que nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas o citado día 30 de maio ppdo., no seu apartado “oitavo” e o acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal, no seu art. 7, establece que alcaldía poderá cubrir temporalmente os postos vacantes a través de adscripción provisional, tra-lo informe da Xunta de Persoal e do interesado, no prazo de 3 días e que nesta situación percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que están incluídas as súas prazas e as complementarios do posto de orixe ou de destino que os teña recoñecidos en maior contía.

Considerando que dito informe non é preciso neste caso, posto que o interesado xa ven desenvolvendo as funcións de dito posto, en uso das facultades que me confire a vixente lexislación e para acadar un mellor funcionamento dos servizos municipais,

RESOLVO:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente ao funcionario D. Gumersindo Vázquez Pedrido (núm. persoal 15680) ó posto núm. 127 (Técnico mantemento Informática), con efectos do día 1 de xuño actual.

Segundo.- A adscripción provisional manterase ata que permanezan as razóns que a motivan e, en todo caso, ata que a cubra o citado posto a través do concurso de traslados regulamentario.

Terceiro.- Mentras permaneza adscrito provisionalmente ó citado posto percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que está incluída a súa praza e as complementarias do posto o número do cal figura no apartado primeiro da presente resolución.

O interesado poderá presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta resolución. Transcorrido o prazo sen que se presente a correspondente alegación, ou de ser presentada, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes a súa presentación, poderá entenderse desestimada, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a alcaldía-presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día que alcance firmeza, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

O recurso de reposición entenderáse desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso-administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

A presente resolución notifíquese ó interesado, concelleiro-delegado da área de xestión municipal, xefe do departamento de Informática, Intervención Xeral, Unidade de Persoal e Organización e Métodos. Así mesmo, deberáse dar conta ó Comité de Persoal e á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que teña lugar.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

E) ADSCRICIÓN PROVISIONAL AO POSTO DE INSPECTOR DE CONSUMO.

Na vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local o día 30 de maio ppdo. e publicada no BOP do día 7 de xuño seguinte, figura vacante o posto de “Inspector de consumo”, posto que ven sendo desenvolto, segundo informe do Director da OMIC, de data 21 de febreiro de 2005, polo funcionario D. Manuel Alvarez Alonso (núm. persoal 21670), aconsellando a súa cobertura provisional por dito funcionario, ata a convocatoria e resolución da oferta de emprego público correspondente ó presente ano.

Considerando que nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas o citado día 30 de maio ppdo., no seu apartado “oitavo” e o acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal, no seu art. 7, establece que alcaldía poderá cubrir temporalmente os postos vacantes a través de adscripción provisional, tra-lo informe da Xunta de Persoal e do interesado, no prazo de 3 días e que nesta situación percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que están incluídas as súas prazas e as complementarios do posto de orixe ou de destino que os teña recoñecidos en maior contía.

Considerando que dito informe non é preciso neste caso, posto que o interesado xa ven desenvolvendo as función de dito posto, en uso das facultades que me confire a vixente lexislación e para acadar un mellor funcionamento dos servizos municipais,

RESOLVO:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente ao funcionario D. Manuel Alvarez Alonso (núm. persoal 21670) ó posto núm. 131 (Inspector de consumo), con efectos do día 1 de xuño actual.

Segundo.- A adscripción provisional manterase ata que permanezan as razóns que a motivan e, en todo caso, ata que se cubra o citado posto a través da vindeira oferta de emprego público, na que se incluírá a praza vacante da mesma denominación.

Terceiro.- Mentras permaneza adscrito provisionalmente ó citado posto percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que está incluída a súa praza e as complementarias do posto o número do cal figura no apartado primeiro da presente resolución.

O interesado poderá presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta resolución. Transcorrido o prazo sen que se presente a correspondente alegación, ou de ser presentada, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes a súa presentación, poderá entenderse desestimada, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a alcaldía-presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día que alcance firmeza, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

O recurso de reposición entenderáse desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso-administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

A presente resolución notifíquese ó interesado, concelleiro-delegado da área de xestión municipal, concelleira-delegada do departamento, xefe do departamento de Informática, Intervención Xeral, Unidade de Persoal e Organización e Métodos. Así mesmo, deberáse dar conta ó Comité de Persoal e á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que teña lugar.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

F) ADSCRICIÓN PROVISIONAL AO POSTO DE ENXEÑEIRO INDUSTRIAL DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 6 de xuño ppdo., acoptou acordo declarando ó funcionario interino D. Benjamín Alejandro Collazo Rodríguez, nº persoal 78894, adscrito nas súas funcións de interinaxe, na praza de nova creación de Enxeñeiro Industrial, relación que cesará no momento no que se cubra a referida praza polo procedemento regulamentario na Oferta de Emprego Público correspondente o presente ano 2005, modificándose en consecuencia, o apartado segundo da Resolución da Alcaldía de data 11 de abril de 2002, do que se deu conta a Comisión de Goberno de data 22 de abril seguinte, que vinculaba a relación de interinidade, a reincorporación o servizo activo do funcionario de carreira D. Ramón Fernández-Linares Bouza, que se atopa na actualidade en situación de servizos especiais.

Tendo en conta que na vixente RPT, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 30 de maio pasado, atópase vacante un posto base de Enxeñeiro Industrial nos Servizos Electromecánicos, acorde nos seus requisitos de desempeño coa categoría profesional do interesado, e tendo en conta o anterior acordo da Xunta de Goberno Local, procedede decreta-la adscripción de dito funcionario interino ao referido posto base.

Vistas as competencias que a vixente lexislación de réxime local lle confiren á Alcaldía-Presidencia (art. 124.1 da lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, 61 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia e 6 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo,

RESOLVO:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente ao funcionario interino D. Benjamín Collazo Rodríguez (núm. persoal 78894) ó posto núm. 281 (enxeñeiro industrial), no servizo cód. 444-Electromecánicos.

Segundo.- A adscripción provisional manterase ata que permanezan as razóns que a motivan e, en todo caso, ata que se cubra o citado posto a través da vindeira oferta de emprego público, na que se incluírá a praza vacante da mesma denominación.

Terceiro.- Mentras permaneza adscrito provisionalmente ó citado posto compatibilizará as súas funcións coas do posto que ven desempeñando na Área de Mobilidade e Seguridade, ata a cobertura do posto de enxeñeiro industrial, vacante neste servizo

O interesado poderá presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta resolución. Transcorrido o prazo sen que se presente a correspondente alegación, ou de ser presentada, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes a súa presentación, poderá entenderse desestimada, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a alcaldía-presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día que alcance firmeza, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

O recurso de reposición entenderáse desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso-administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

A presente resolución, que xurdirá efectos dende o 6 de xuño ppdo., notifíquese ó interesado, concelleiro-delegado da área de xestión municipal, concelleira-delegada do departamento, xefe do departamento de Informática, Intervención Xeral, Unidade de Persoal e Organización e Métodos. Así mesmo, deberáse dar conta ó Comité de Persoal e á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que teña lugar.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

G) ADSCRIPCIÓN PROVISIONAL AO POSTO DE XEFE DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.

Na vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local o día 30 de maio ppdo. e publicada no BOP do día 7 de xuño seguinte, figura vacante o posto de “Xefe de participación e atención cidadá”, posto que ven sendo desenvolto, segundo informe da concelleira-delegada do mesmo, polo funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (núm. persoal 13920), aconsellando a súa cobertura provisional por dito funcionario, ata a súa convocatoria polo procedemento regulamentario.

Considerando que nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas o citado día 30 de maio ppdo., no seu apartado “oitavo” e o acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal, no seu art. 7, establece que alcaldía poderá cubrir temporalmente os postos vacantes a través de adscripción provisional, tra-lo informe da Xunta de Persoal e do interesado, no prazo de 3 días e que nesta situación percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que están incluídas as súas prazas e as complementarios do posto de orixe ou de destino que os teña recoñecidos en maior contía.

Considerando que dito informe non é preciso neste caso, posto que o interesado xa ven desenvolvendo as funcións de dito posto, en uso das facultades que me confire a vixente lexislación e para acadar un mellor funcionamento dos servizos municipais,

RESOLVO:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (núm. persoal 13920) ó posto núm. 43 (Xefe participación e atención cidadá), con efectos do día 1 de xuño actual.

Segundo.- A adscripción provisional manterase ata que permanezan as razóns que a motivan e, en todo caso, ata que a cubra o citado posto a través do procedemento regulamentario.

Terceiro.- Mentras permaneza adscrito provisionalmente ó citado posto percibirá as retribucións básicas correspondentes ó grupo de titulación no que está incluída a súa praza e as complementarias do posto o número do cal figura no apartado primeiro da presente resolución.

O interesado poderá presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta resolución. Transcorrido o prazo sen que se presente a correspondente alegación, ou de ser presentada, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes a súa presentación, poderá entenderse desestimada, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a alcaldía-presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día que alcance firmeza, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

O recurso de reposición entenderáse desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso-administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

A presente resolución notifíquese ó interesado, concelleiro-delegado da área de xestión municipal, xefe do departamento de Informática, Intervención Xeral, Unidade de Persoal e Organización e Métodos. Así mesmo, deberáse dar conta ó Comité de Persoal e á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que teña lugar.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(810).- GRATIFICACIÓNS POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XANEIRO E MAIO DE 2005. 15831/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 30.06.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 23.06.05, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de XANEIRO e MAIO-2005, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que de seguido se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 762 horas.

- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Carlos Alján Martínez e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total e 380'00 horas.
- Policía Local, relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Aballe González e remata por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 2.500'30 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 745'30 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega no expediente e comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 140'00 horas.
- Vias e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Fernando Alonso Correa e remata por José Vázquez de Francisco, por un total de 590'00 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente de don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 37'00 horas.
- Inspección Vias e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Eugenio Matilde Viñas e remata por don Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 185'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don A. Avelino Pardellas Avión e remata por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 213'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 94'30 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 39.136,72 € (TRINTA E NOVE MIL CENTRO TRINTA E SEIS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS).

21(811).- CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN A PROVISIÓN DO POSTO VACANTE DE INTERVENTOR XERAL, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN. 15870/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 29.06.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria para cubrir polo sistema de libre designación o posto de traballo vacante de Interventor Xeral.

2º.- Aprobar as bases que figuran como Anexo I que rexeran para cubrir o indicado posto.

ANEXO I
“BASES PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE INTERVENTOR XERAL DO CONCELLO DE VIGO, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN”

Primeira.- Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto rexe-la convocatoria para cubrir polo sistema de libre designación previsto no art. 99.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, art. 27 e seguintes do Rd 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, segundo redacción dada polo Rd 831/2003, de 27 de xuño, o posto de Interventor Xeral reservado a funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional de interventor xeral, clase primeira, categoría superior

Segunda.- Características do posto

O posto a cubrir atópase incluído na relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 30 de maio de 2005, e a súa provisión mediante forma de libre designación.

O complemento de destino asignado é o correspondente ó nivel 30.

O complemento específico anual fixado para o posto é de 44.880,5 €.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

Será requisito indispensable para concorrer á convocatoria e poder desenvolver-lo posto no caso de ser nomeado o estar integrado na escala de habilitación nacional, subescala Intervención-Tesourería, categoría superior. A titulación esixida é licenciado en dereito, ciencias económicas ou empresariais.

Non poderán concorrer a convocatoria os funcionarios que se atopen nas situacións previstas no art. 18.3 do Rd 1732/1994, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

En consideración a natureza do sistema de provisión, o nomeamento realizarase discrecionalmente pola Alcaldía en atención os méritos libremente aportados polos candidatos, podendo declararse deserta a convocatoria se así o considerase oportuno. Non obstante, terase en especial consideración a experiencia noutros postos de traballo de similares características.

Cuarta.- Convocatoria

A convocatoria será remitida pola Alcaldía-Presidencia á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia para a súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia e remisión o Ministerio para as Administracións Públicas para que no prazo máximo de 10 días este dispoña a súa publicación, en extracto no Boletín Oficial do Estado.

Quinta.- Solicitudes

As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaránse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas oficinas previstas no art. 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administración públicas e procedemento administrativo común, dentro dos 15 días naturais seguintes á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Ademais do contido mínimo previsto no art. 70.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, na solicitude deberá indicarse número de rexistro persoal, a situación administrativa na que se atope o solicitante, así como o seu destino.

Xunto coa solicitude, os aspirantes achegarán o seu curriculum vitae, no que constarán os títulos académicos, os anos de servicios, os postos de traballo desempeñados na administración, estudos e cursos realizados, coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma, que deberá acreditar mediante certificación ou copia compulsada dos méritos que aleguen. Asímesmo presentarán declaración xurada de reuni-los requisitos legais para participar na presente convocatoria, así como outros méritos que crean oportuno poñer de manifesto, especificando cando menos os apartados recollidos no modelo de solicitude que figura como Anexo II destas bases.

Sexta.- Nomeamento.

Finalizado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia procederá, no seu caso, a dictar a resolución correspondente no prazo de un mes.

Da resolución, que se motivará facendo constar o cumprimento por parte do candidato/a elixido/a, dos requisitos e especificacións esixidos nestas bases darase conta o Pleno do Concello e traslado á Consellería Xustiza, Interior e Administración Local e a Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio para as Administracións Públicas, para a súa anotación e publicación no Boletín Oficial do Estado.

Setima.- Toma de posesión.

O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade ca do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servizo activo do funcionario/a. Este prazo empezase a contar a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ó da publicación da resolución desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Oitava.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o Alcalde Presidente do Concello de Vigo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/99, de 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partires da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

21(812).- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE OCUPACIÓN DE PRAIAS PARA AS TEMPORADAS 2005-2006. Expte. 599/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 7.03.05 aprobou o Plan de ocupación e explotación de servizos nas praias.

Con data 13.06.05 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación para a ocupación e explotación de servizos de temporada nas praias do término municipal de Vigo.

O titular do órgano de Apoio á Xunta de Goberno local o 27.06.05 certifica que durante o prazo sinalado non anuncios publicados no BOP nº 115 de data 16 de xuño do presente ano, presentáronse as seguintes proposicións: 1) Luz Divina Fontán Rodríguez, 2) Marta Lorenzo Barrera, 3) Mónica González Francisco, 4) María Francisco Touriño, 5) Temperans & Animals S.L., 6) Obdulia Lastra Francisco, 7) Juan José Díaz Mosquera, e fora de prazo: D. Miguel Angel Rías García e Dª María Isabel Costa Costa.

A Mesa de Contratación en sesión do 27.06.05 procedeu á apertura da documentación presentada, excluindo as dúas últimas ofertas por presentarse fóra do prazo e admitidas as demais, pasándoas a informe do Servizo de Medio Ambiente (lotes 1 ao 11) e Turismo (lote 12).

O técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, emite informe o 5.04.05 facendo constar que “todas as propostas admitidas cumpren coas prescricións técnicas esixidas para a adxudicación dos permisos de instalación e explotación dos servizos de temprada nas praias do municipio para o ano 2005”.

A coordinadora de Turismo e Comercio, o 30.06.05, emite informe con respecto ao lote 12, propoñendo a súa adxudicación a Temperans&Animals S.L. por ser a oferta mellor valorada das presentadas ao concurso.

A Mesa de Contratación realizada o día 1.07.05 á vista dos precedentes informe formula a proposta que consta na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

1º.- Adxudicar a Marta Lorenzo Barrera os lotes 1, 4, 8 e 9 do concurso para a ocupación das praias cos postos de temporada por uns importes respectivos de 16.162 euros, 9.052 euros, 16.162 euros e 9.052 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13-06-2005 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar a Mónica González Francisco o lote 7 do concurso para a ocupación das praias cos postos de temporada por un importe de 15.193,58 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13-06-2005 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar a María Francisco Touriño os lotes 3 e 6 do concurso para a ocupación das praias cos postos de temporada por uns importes respectivos de 7.380,42 euros e 15193,58 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13-06-2005 e a oferta presentada.

4º.- Adxudicar a Juan José Díaz Mosquera o lote 10 do concurso para a ocupación das praias cos postos de temporada por un importe de 9.000 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13-06-2005 e a oferta presentada.

5º.- Adxudicar a Temperans & Animals, S.L. o lote 12 do concurso para a ocupación das praias cos postos de temporada por un importe de 5.000 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13-06-2005 e a oferta presentada.

6º.- Declarar desertos os lotes 2, 5 e 11 do concurso para a ocupación das praias cos postos de temporada e proceder a súa contratación por procedemento negociado.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local fai constar que “en canto ás características dos modelos das mesas, cadeiras e demais elementos que se utilicen nas distintas instalacións autorizadas, estarase ao disposto na Ordenanza municipal reguladora da materia”.

22(813).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA DAS “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005”. Expte. 1544/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as bases técnicas asinadas pola técnicas de Admón. Especial do Servizo de Festas e A.Sociocultural, do 20.06.05, o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 24.06.05, ambos para a contratatación da produción integral dos espectáculos e actividades do Programa das “Festas do Cristo da Victoria 2005”; visto o informe xurídico do 23.06.05, a conformidade de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, do 24.06.05, conformado polo xefe de Área de contratación e polo concelleiro de Animación Sociocultural e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Autorizar o gasto máximo de 190.000 € para a contratación da prestación dos servizos da produción integral dos espectáculos e actividades do programa das festas do Cristo da Victoria 2005 e que se imputarán á partida 451.2.227.06.02.

2º.- Aprobar as bases técnicas e o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado dos servizos de produción integral dos espectáculos e actividades do programa das festas do Cristo da Victoria 2005.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

23(814).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vintecinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez

